


X.R. Vidal Romani.

Mapa da Cadea Cantábrica sinalando a posición da fosa tectónica nomeada como Corredor de Ourense. Autor: Figura modificada de Vegas, R. *La continuación de la Cordillera Cántabro-Pirenaica en el borde atlántico de la Península Ibérica*, Geocaceta, 48, 2010, 179-181.

Nacemento do Miño hai 5 millóns de anos.



Mapa da Cadea Cantábrica, incluída a súa parte galega.

Figura modificada de Vegas, R. *La continuación de la Cordillera Cántabro-Pirenaica en el borde atlántico de la Península Ibérica*, Geocaceta, 48, 2010, 179-181.

A Cordilleira Cantábrica no seguimento do Corredor de Ourense non se ergue, senón que afunde, formándose as bacías tectónicas terciarias (Vilalba, Sarria, Monforte de lemos, Maceda e Xinzo de Limia). Este feito provoca o desvío das augas de cabeceira dos ríos galegos atlánticos cara á depresión do

Corredor de Ourense, para máis tarde xerar o Miño, o maior río galego e tamén o máis novo (apenas ten 5 millóns de anos).

No treito final da Cordilleira Cantábrica onde corren agora o Miño e o Lima (Limia), o levantamento que tivo lugar durante o Paleóxeno (entre 65 e

24 millóns de anos antes de agora), impediu que ambos ríos desen escavado as súas rías, pese ao seu grande caudal. De aí o nome de "Rías secas".

Así pois, as rías galegas naceron hai millóns de anos, pero non todas ao mesmo tempo. As Rías Baixas (Muros, Arousa, Pontevedra e Vigo) créanse

hai 110 millóns de anos; as Rías Altas (Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, O Barqueiro, Cedeira), hai 24 millóns de anos e as Rías Medias, (Ferrol, Ares, Betanzos, Coruña, Corme e Laxe, Camariñas), hai 5 millóns de anos. E o cuarto tipo de ría, as "Rías Secas" (as que coinciden coas desembocaduras do Miño e do Lima), formáronse hai 110 millóns de anos, pero debido ao levantamento da Cordilleira Cantábrica. Este é un proceso que aínda agora segue activo.

FRAXILIDADE ECOLÓXICA

Un dos principais problemas das rías é o da súa fragilidade ecolóxica. Unha das súas ameazas é a regulación que fan as empresas hidroeléctricas das augas dos ríos que conflúen nelas. Case todos os ríos galegos (Limia, Miño, Tambre, Grande, Mero, Xallas, Eume, etc.) están bloqueados por encoros. No inverno, en época de chuvias e durante as cheas, é práctica común abrir as comportas dos encoros para librar o exceso de auga que poida supor un risco para a seguridade da balsa. O ceibe masivo de auga realizada por todos os encoros á vez xera mudanzas

brutais no réxime de salinidade das augas cando esas avenidas chegan ao fondo das rías. As dotacións masivas de auga doce teñen efectos devastadores na acuicultura e nun período de tempo moi breve, ao provocaren unha mortalidade masiva nos bancos de bivalvos. Durante o verán, o proceso vén sendo ao contrario. A acumulación de auga nos encoros para conseguir manter a produción de enerxía hidroeléctrica agosta o caudal dos ríos até límites incribeis provocando tamén danos na fauna e na flora dos ríos.

Por outra banda, na beiramar das rías galego-portuguesas sitúase a maior parte da poboación de Galiza e do Norte de Portugal, polo que as posibilidades de contaminación das rías incrementanse especialmente durante o verán cando, ao diminuír o caudal dos ríos, desaparece o efecto de dilución das augas residuais e vertidos urbanos. Isto novamente afecta os cultivos marisqueiros.

Nalgún caso, nas zonas de cabeceira dos ríos, sitúanse grandes lagoas artificiais creadas polo abandono de

antigas minas (Meirama, As Pontes) cuxos produtos tóxicos son encanados cara ás rías. Tamén se xeran importantes achegas de material miúdo (lamas) procedentes dos entullos que a industria da lousa (Barco de Valdeorras) verte directamente no Sil (Miño). Agora a minería do ouro de Corcoesto podería abrir un novo capítulo de contaminación para o río Anllóns e o seu estuario.

Por todo isto, a poboación de Galiza asentada, preferentemente, ben á beira dos seus ríos (Lugo, Ourense), ben na costa das súas rías (Ferrol, Coruña, Pontevedra, Vigo, Tui-Valença, Viana do Castelo) tense transformado nun pacífico refén das empresas privadas que manexan ao seu gusto e para o seu proveito as augas continentais e mariñas de Galiza, influíndo así negativamente noutras actividades de maior relevancia, como a industria marisqueira, e na calidade das súas augas continentais e costeiras.

* Xoán R. Vidal Romani é Director do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal.

EU 30

PARA TER UNHA CIDADE SEGURA PRECÍSASE ALGO MÁIS QUE PALABRAS. ESPAZOS DE CALIDADE NO QUE OS COCHES NON SEXAN UN PERIGO PARA AS PERSOAS, VAIAN A PE OU EN BICI. LOMBOS QUE IMPIDEN UNHA CIRCULACIÓN SALVAXE, LIMITACIÓN DA VELOCIDADE A 30 KM/H EN ZONA URBANA, ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DO ESPAZO PÚBLICO...

EU LIMÍTOME A 30 POR HORA
PORQUE CANDO VOU EN COCHE TAMÉN GOIDO A QUEN VAI SEN EL

CONCELLO DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA MOBILIDADE
 Premio Nacional de Seguridade Vial 2010